

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 26 de Xullo de 2.022, de forma telemática, tivo lugar a reunión para resolver os asuntos previstos no calendario electoral aprobado o 27 de maio de 2.022 polo Secretario Xeral para o Deporte, e concretamente no relativo as reclamacións e eleccións ao censo provisional, adoptando dita Xunta os seguintes acordos:

- 1. RELATIVO A ELECCIÓN DOS CENSOS DE ÁRBITROS, TÉCNICOS E DEPORTISTAS

Dispón o artigo 6.3 do Regulamento electoral que aqueles electores incluídos en varios censos, tanto por estamentos como por modalidade, deberán elixir un dos censos ante a Xunta Electoral mediante escrito durante o período de reclamacións ao censo provisional. En cumprimento do mesmo, chegaron a Xunta Electoral as seguintes solicitudes:

Con data de 14 de Xullo de 2.022, Dna. M^a ARACELI MENDUIÑA SANTOMÉ presenta ante a Xunta Electoral, a través de correo electrónico, renuncia ao estamento de árbitros, solicitando a este órgano a súa inclusión no censo de deportistas.

ACORDASE por parte da Xunta Electoral a aceptación de dita solicitude, e polo tanto, a inclusión de Dna. M^a ARACELI MENDUIÑA SANTOMÉ no censo de deportistas. En falta da elección da modalidade na súa solicitude, permanecerá, en virtude do artigo 6.3 do regulamento, no censo de augas tranquilas.

Con data de 15 de Xullo de 2.022, D. JESÚS PÉREZ RIAL presenta ante a Xunta Electoral, a través do correo electrónico, solicitude de ser incluído no censo de Caiac de Mar.

ACORDASE por parte da Xunta Electoral a aceptación de dita solicitude, e polo tanto, a inclusión de D. JESÚS PÉRES RIAL no censo de deportistas de Caiac de Mar.

Aqueles electores que decidiron non exercer dita opción quedarán incluídos nos diferentes estamentos e modalidades conforme dispón dito artigo.

- 2. RELATIVO A ELECCIÓN DE CENSO DE CLUBES

Dispón o artigo 6.3 do Regulamento electoral que aqueles electores incluídos en varios censos, tanto por estamentos como por modalidade, deberán declinar por un dos censos ante a Xunta Electoral mediante escrito durante o período de reclamacións ao censo provisional. En cumprimento do mesmo, chegaron a Xunta Electoral as seguintes solicitudes:

Con data de 12 de Xullo de 2.022, o CLUB DE PIRAGÜISMO PENEDO TEIMPORTA presenta ante a Xunta Electoral, a través do correo electrónico, solicitude de ser incluído no censo de clubes de Augas Bravas

ACORDASE por parte da Xunta Electoral a aceptación de dita solicitude, e polo tanto, a inclusión do CLUB PIRAGÜISMO PENEDO TEIMPORTA no censo de clubes de Augas Bravas.

Con data 19 de Xullo de 2.022, o CLUB DE PIRAGÜISMO ALTRUAN DE RIBADEO presenta ante a Xunta Electoral, a través do correo electrónico, solicitude de ser incluído no censo de clubes de Ríos, Travesías e Maratón.

ACORDASE por parte da Xunta Electoral a aceptación de dita solicitude, e polo tanto, a inclusión do CLUB DE PIRAGÜISMO ALTRUAN DE RIBADEO no censo de clubes de Ríos, Travesías e Maratón.

Aqueles clubes que decidiron non exercer dita opción quedarán incluídos nas diferentes modalidades conforme dispón o mencionado artigo.


- 3. RELATIVO A RECLAMACIÓNS FORMULADAS CONTRA O CENSO

Non se presentou ante a Xunta Electoral ningunha reclamación contra o censo electoral.

Dándonos por enterados e tomados ditos acordos, damos por evacuado o trámite correspondente ao artigo 8.b) do Regulamento Electoral para a elección de membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da Federación Galega de Piragüismo, que foi aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. Trámite que se refire a resolución das reclamacións e eleccións ao censo provisional.


Como se recolle no artigo 8.b) no seu quinto parágrafo do mencionado regulamento, ante esta resolución poderase interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 3 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da notificación desta resolución.

A PRESIDENTA




Fdo.: Valeria Romero Gómez

O VOGAL



Fdo.: Iván Ferro Herbón

O SECRETARIO



Fdo.: Eddie Freire Suárez